



ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN URXENTE, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/HA PSIQUIATRA/ MÉDICO PARA A UNIDADE DE DROGODEPENDENCIA DE MONFORTE, E PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA A COBERTURA DE AUSENCIAS OU VACANTES QUE NO INDICADO POSTO SE POIDAN DAR.

O 26 de xullo do 2021 as 10:50 reúnese no salón de Plenos da Casa Consistorial o Tribunal cualificador.

Asisten, como Presidenta dona Elisa Martínez Arias, como vogais Dona Ana López Crecente e dona Dona Elisa Fernández Rodríguez, e coma secretaria dona Patricia Payo Moure.

As 11:04 procedese o chamamento do aspirante admitido, e as 11:05 da inicio o exercicio, que remata as 11:50.

A continuación o tribunal procede á corrección do exercicio, obtendo don JOSE MIGUEL GONZÁLEZ LEMOS unha calificación de 8 puntos .

Dado que o aspirante aportou certificado equivalente a CELGA 4 non é necesario realizar o segundo exercicio de coñecemento da lingua galega.

A vista do anterior o tribunal propón a alcaldía a contratación de don JOSE MIGUEL GONZÁLEZ LEMOS.

Conforme ás bases o/a aspirante proposto/a para o seu nomeamento que se publicará na páxina

web do Concello de Monforte de Lemos e Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, nun prazo de dous (2) días hábiles , contados a partir do día seguinte ó da oportuna publicación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Tarxeta Sanitaria.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenrolo do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servizo das Administracións Públicas.

.- Acreditación de ser Licenciado en Medicina coa especialidade en Psiquiatría ou Licenciado en Medicina con formación teórico- practica en Saúde Mental (por un período mínimo de 1 ano que debe ser acreditada mediante certificación/s do director ou



responsable da institución, unidade, centro ou servizo no que se levará a cabo dita formación), ou estar en condicións de obtelo na data de a posesión dos títulos acreditarase con copia compulsada dos mesmos, para o caso de titulacións estranxeiras precisase a acreditación da súa homologación en España de acordo coa normativa aplicable.

Non habendo mais asuntos que tratar, as 12:10 a Presidenta levanta a sesión do que eu coma Secretaria dou fe.

*Ardecente*

*[Signature]*

*[Signature]*

*[Signature]*